

XUNTANZA PREVIA CONSELLERÍA DO MAR SOBRE MODIFICACIÓN DA SÚA RPT

Santiago de Compostela 13/07/2022

Onte celebrouse a instancia da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar unha xuntanza previa coas OOSS co obxecto de expoñernos a súa proposta de **modificación da Relación de Postos de Traballo**.

O volume de documentación que se nos fixo chegar, xunto coa relevancia dos temas a tratar, fixo necesaria a **petición unánime por parte das OOSS da apertura dun período de tempo** necesario tanto para o traslado da información recibida como para a súa revisión pormenorizada: **UGT plantexou na súa intervención, que a xuntanza NON debería ser considerada como o inicio formal de negociacións senón máis ben como unha presentación formal por parte da Administración da documentación achegada.**

Aínda así e logo dunha **primeira aproximación ao contido da modificación de RPT** proposta expuxemos a nosa preocupación polo recollido na mesma, singularmente todo o que ten que ver coas modificacións no Servizo de Gardacostas de Galicia que supoñen na práctica o comezo dun proceso de desmantelamento do mesmo.

Hai outros aspectos que consideramos igualmente lesivos para o conxunto das empregadas e empregados públicos da Consellería, aínda que non nos custa recoñecer os acertos, escasos, no documento como son a reclasificación e adecuacións de nivel incluídos na proposta.

En todo caso e como comentamos previamente, a data límite acordada para a posterior presentación das alegacións, foi a do vindeiro martes 19 de xullo ás 14.00 horas, polo que vos pedimos que nos fagades chegar ás vosas aportacións antes do **LUNS 18 de XULLO ás 14.00 horas** a efectos de que podamos revisalas e incluilas no noso documento para reclamacións e debate

A tal efecto, achegamos para a vosa consulta en arquivos que se xuntan:

- [Memoria funcional](#)
- [Memoria económica](#)
- [Anexo](#)
- [Equivalencias](#)